

## **XULGADO DE INSTRUCCIÓN**

**NUMERO UN**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**AUTO**

Santiago de Compostela, a

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.**- O presente procedemento incoouse en data 22 de maio de 2018 tras a recepción das Dilixencias previas nº338/2014 do xulgado de Instrucción nº1 de Lugo. Na devandita resolución acordábase rexeitar a inhibición e devolver as actuacións ao xulgado remitente.

**SEGUNDO.** -O 17 de febreiro de 2020 foi recibido o auto ditado o 4 de febreiro de 2020 pola Sala do civil e do penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que resolve atribuír a competencia para coñecer das Dilixencias previas 338/2014 do xulgado de instrucción nº1 de Lugo a este xulgado.

**TERCEIRO.**-En data 5 de marzo deste ano foron recibidas parte das Dilixencias previas 338/2014 do xulgado de instrucción nº1 de Lugo, tras seren reclamadas por este órgano xudicial. En data 11 de marzo de 2020 foron recibidas a totalidade das actuacións relativas ao devandito procedemento.

### **RAZOAMENTOS XURÍDICOS**

**ÚNICO.**- No auto ditado por este xulgado o 22 de maio de 2018, no que acordabamos a incoación do presente procedemento e rexeitar a inhibición das Dilixencias previas 338/2014 do xulgado de instrucción nº1 de Lugo, xa

expresabamos as dificultades, ao noso xuízo insalvabeis, que impedían identificar cal é o obxecto de dito procedemento, con todas as consecuencias que isto comporta.

A este respecto sinalabamos que a decisión de inhibición foi acordada polo xulgado de instrución nº1 de Lugo por auto de 26 de maio de 2014, porén non foi efectivamente remitida aos xulgados do partido xudicial de Santiago de Compostela até o 21 de maio de 2018.

E o anterior sen nengún tipo de xustificación procesual, constando unicamente unha providencia de data 5 de abril de 2018 na que a maxistrada instrutora ordenaba cumprir de inmediato a decisión de inhibición ignorada até ese intre.

Tal e como razoabamos na nosa resolución, o anterior supuña que se ben no auto de inhibición se enumeraban unha serie de feitos e delitos obxecto da causa, esta seguiu instruándose durante catro anos, e o seu estudo permite comprobar que se foron deducindo testemuños de actuacións en relación con algúns presuntos feitos delitivos e persoas investigadas que aparentemente foron obxecto de inhibición a outros órganos xudiciais. Así se comproba, por exemplo, coa lectura do oficio unido ao folio 30 das actuacións inhibidas, no que se acorda deducir testemuño dalgunhas actuacións co fin de incoar novas dilixencias previas que serían inhibidas aos xulgados de Santiago. Igualmente no folio 33 consta providencia pola que se acorda incoar outras dilixencias previas e ulterior inhibición a este partido xudicial.

Por tanto, tras eses catro anos practicando dilixencias de instrución con posterioridade á decisión de inhibición, este xulgado se atopa imposibilitado para coñecer cal é o obxecto da causa inhibida, pois tanto os feitos como os delitos poden terse descartado ou confirmado ou incluso

engadido outros novos, así como o número e identidade dos posibles sospeitosos, aínda que non foran formalmente imputados.

En definitiva, a problemática que nos xorde nesta causa é que procesualmente se actuou co criterio contrario á lóxica de tramitación, isto é, en vez de levar a cabo unha breve instrución e inhibirse ao xulgado territorialmente competente mediante un auto que concretase o obxecto desa inhibición, o que se fixo foi ditar un auto de inhibición pero seguir instruindo a causa catro anos máis, sen actualizar a individualización do obxecto da inhibición no intre de ser efectivamente remitida. Por tanto, o órgano que a recibe, e por extensión todas as partes comparecidas, e moi en especial os formalmente investigados e as súas defensas, se moven no desconcerto da inconcreción do elemento obxectivo, e tamén subxectivo, da causa.

Alén do anterior, incluso se a causa se tivese remitido inmediatamente despois de ditarse o auto de 26 de maio de 2014, teríamos arduos e seguramente insuperabeis obstáculos para individualizar o obxecto do procedemento. Así no referido auto se sinala que os feitos que constitúen a peza separada nº5 obxecto de inhibición son os seguintes: "Presuntas irregularidades cometidas en diversas concellerías do Concello de Santiago de Compostela e por diversos concelleiros e funcionarios, que se terían concertado con diversos grupos empresariais para adxudicarlles de xeito irregular concursos convocados polo Concello de Santiago, influíndo nos técnicos encargados da contratación. En troques de ditos favores, os mencionados grupos empresariais para lograr tales adxudicacións realizarían subornos nas súas distintas modalidades (supostas entregas de cartos, viaxes, agasallos, contratación de traballadores), que terían como destino

satisfacer os traballos realizados por aqueles funcionarios que ben directa ou indirectamente realizaron actos para beneficiar ás empresas, ou influenciando nos funcionarios que forman parte dos órganos de contratación coa finalidade de obter diferentes contratos coas administracións e moi en especial coa local. Igualmente se investigarían as irregularidades consistentes no suposto financiamento ilícito do PP”.

Seguidamente se recolle no auto a seguinte concreción de feitos:

1-Ilícita adxudicación dun contrato de servizos de “Xestión de expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico viario urbano no Concello de Santiago a favor da empresa █████ █████ █████ SL █████ obxecto do concurso █████

2-presunta adxudicación ilícita dun contrato de subministro autobuses financiados con fondos Feder do Concello de Santiago, vulnerando as normas legais vixentes a favor da empresa █████ █████ █████ █████ █████ do Concello de Santiago.

3-favorecemento de determinadas empresas, ás que se da información privilexiada manipulando os concursos para darlles determinadas adxudicacións.

4-posibeis irregularidades no financiamento do Partido popular mediante a achega de diñeiro por empresas adxudicatarias de obras e servizos no Concello de Santiago.

5-pagamentos de diñeiro para sufragar actos do Concello e actos alleos á actividade municipal pero que responden a compromisos electorais ou dalgún cargo público.

6-contratación "enchufados" por empresas concesionarias de obras e servizos do Concello.

7-irregularidades urbanísticas ao redor da [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]".

8-retirada de multas.

9-aceptación de regalos por razón do cargo.

10-tratos de favor a determinados establecementos para evitar expedientes sancionadores.

11-irregularidades e tráficos de influencias cometidos a favor de [REDACTED].

Posteriormente se fai constar que as partes do procedemento son:

1-Gerardo [REDACTED].

2-José Albino [REDACTED].

3-Angel Luis [REDACTED].

4-Adrián [REDACTED].

5-Rocío [REDACTED].

6-María [REDACTED].

7-Jesús [REDACTED].

8-José Luis [REDACTED].

9-Alexandre [REDACTED].

10-Bernardino [REDACTED].

11-Román [REDACTED].

Acusación particular: "Asociación ██████ ██████" e don ██████ ██████.

Como se pode comprobar, no auto de inhibición recóllese unha descrición absolutamente xenérica do obxecto do procedemento sen concretar as empresas supostamente favorecidas nos concursos e sen identificar eses procesos de contratación; non se individualizan os actos do Concello ou os actos non municipais irregularmente financiados, tampouco a identidade dos supostos "enchufados"; non se identifican as multas que foron ilícitamente retiradas e a quen, que persoas ofreceron e aceptaron agasallos, que establecementos recibiron tratos de favor e a que irregularidades e tráfico de influencias se refire en relación con Jesús ██████ ██████.

Tampouco se individualiza minimamente a imputación que se dirixe contra cada un dos investigados, cando é de supoñer que non todos eles participaron en cada unha das presuntas condutas delitivas.

Do mesmo xeito descoñecemos os motivos polos que se recoñece a condición de acusación particular á entidade "Asociación Abre ██████ ██████" e a don ██████ ██████ ██████ ██████, cuestión á que non se alude no auto de inhibición e que aparentemente teríamos que pescudar nos miles de folios remitidos e que constitúen un testemuño selectivo, que non completo, das DP 972/11 do xulgado de instrución nº1 de Lugo, que á súa vez tiveron a súa orixe nas DP 4449/2008 dese mesmo xulgado.

Esta maxistrada intentou determinar cal é a imputación concreta efectuada a cada un dos denunciados examinando a súa declaración como investigados, as cales se inician pola maxistrada instrutora verbalizando os feitos atribuídos a cada un deles. Porén sucede que ditas declaracións tiveron

lugar con anterioridade ao ditado do auto de inhibición e nalgunhas se interrogou sobre a totalidade dos feitos imputados aos investigados, e que posteriormente deron lugar á formación das diversas pezas separadas, polo que o seu estudo non facilita o coñecemento de cal é a imputación que especificamente se lles fai nestas concretas Dilixencias previas. Ver ao respecto a declaración de data 15 de febreiro de 2013 de don Albino [REDACTED] [REDACTED] (folios 505 e seguintes e gravación correlativa), na que o propio investigado solicitou que se lle especificasen, non os delitos senón os feitos que se lle imputaban, solicitude á que a instrutora deu resposta indicando expresamente que a información facilitada sería sucinta.

No caso doutros investigados, como é o caso de don Gerardo [REDACTED] [REDACTED] (folios 599 e seguintes), a información da imputación foi moi resumida e existen feitos delitivos incluídos no auto de inhibición que non foron incluídos na mesma, polo que se lle tería causado total indefensión (se ben é certo que declarou posteriormente a petición propia en diversas ocasións).

Polo que atinxe ao investigado don Román [REDACTED], na gravación que nos foi remitida contendo a dilixencia de toma de declaración non consta nengunha imputación de feitos (descoñecemos se o anterior responde a unha problema técnico ou se non foi efectivamente realizada).

Chama a atención que non é até a elevación da exposición motivada sobre a cuestión de competencia formulada polo xulgado de instrución nº1 de Lugo fronte a este xulgado, datada no 31 de outubro de 2019, cando a Maxistrada daquel órgano xudicial intenta realizar unha delimitación do obxecto do procedemento (folios 2220 e seguintes).

Porén o seu estudo segue a provocarnos similares dificultades ás xa analizadas para identificar os concretos feitos e suxeitos obxecto deste procedemento.

Así identifícanse en dita exposición razoada dúas supostas adxudicacións ilícitas obxecto de procedemento, sen concretar en que consisten ditas irregularidades e a que investigados se imputan.

Tampouco constan unidos á causa, como parte das dilixencias de instrución practicadas, relatorios periciais que esclarezan ditos extremos.

En relación con outros posíbeis delitos utilízanse na devandita exposición fórmulas tan amplas e xenéricas como as seguintes: "Informes sobre relaciones entre Angel [REDACTED] y María [REDACTED] (Tomo 4.folio 1663)"; "informes sobre posibles tratos de favor para adjudicación del servicio de grúa/ora a favor de la empresa SETEX APARKI"; "informes sobre la adjudicación de la concesión AMIO Y XADE".

Por outra parte, en dita exposición razoada recoñécese que ao longo da tramitación do procedemento libráronse até un total de dez testemuños de actuacións coas correspondentes inhibicións aos partidos correspondentes, circunstancia que como vimos xa fora verificada por esta maxistrada e que dificulta notabelmente a comprensión da causa.

Así mesmo na exposición razoada non se individualizan os feitos delitivos atribuídos a cada un dos investigados.

En definitiva, tras anos de instrución durante os cales os denunciados estiveron sometidos a medidas precautorias de carácter persoal que restrinxiron a súa liberdade persoal, alén da incertidume e angustia asociadas ao feito de atoparse inmersos nun proceso xudicial en cualidade de



investigados, resúltanos imposíbel determinar con exactitude que feitos delitivos se atribúe a cada un deles neste procedemento.

Por outra pare, resulta sorprendente comprobar como algú dos investigados nesta causa solicitaron tras ditarse o auto de inhibición a favor dos xulgados de Santiago de Compostela, que a maxistrada de instrución de Lugo acórdase o sobresemento da causa, porén aquela acordou denegar dita petición argumentando, por unha parte, que esa competencia correspondía ao xulgado do partido xudicial competente, porén subtraendo dita facultade a dito órgano pois a causa non se remitiu até catro anos despois. Paradoxalmente, ao mesmo tempo que resolvía o anterior, incidía na imposibilidade de archivar o procedemento por atoparse pendentes diversas dilixencias de instrución do tipo de recepción de relatorios, declaracións e análise da correspondencia electrónica. Así sucedeu no caso da investigada dona María del Rocío [REDACTED] [REDACTED] cuxa defensa solicitou o sobresemento da causa, petición rexeitada por auto de 5 de xuño de 2014.

O mesmo paradoxo acontece coa formulación dunha declinatoria de competencia por parte da representación procesual de don José Luis [REDACTED] [REDACTED], e que foi rexeitada por auto de 5 de xuño de 2014 razoando que non había lugar á súa admisión por canto por auto de 26 de maio dese ano xa fora acordada a inhibición ao partido xudicial de Santiago.

Por tanto, refútanse as peticións das defensas de facer efectiva a decisión de inhibición a favor do xulgado territorialmente competente, porén a causa seguiuse instruándose con total normalidade. Tal e así que o estudo das actuacións permite comprobar, en primeiro lugar, que desde o ditado do auto de inhibición o Servizo de

Vixilancia Aduaneira presentou múltiples relatorios nos que examinaba o resultado de diversas dilixencias de instrución, como intervención de comunicacións telefónicas e correspondencia, aproveitando algún deses informes para solicitar novas dilixencias de instrución. O derradeiro relatorio é de data 8 de maio de 2017, tres anos despois de ditarse o auto de inhibición.

En segundo lugar, desde o ano 2014 até 2018 foron acordadas polo xulgado novas dilixencias de instrución. Así se comproba coa lectura do auto de 18 de agosto de 2014, providencia de 7 de outubro de 2014, providencia de 5 de novembro de 2014 e auto de 9 de novembro de 2015.

En terceiro lugar, e a pesar de terse ditado o auto de inhibición, a causa permaneceu declarada parcialmente secreta até o auto de 9 de xaneiro de 2015.

Se a todo o anterior lle engadimos que a presente peza separada foi formada con testemuños de particulares designados pola instrutora, o resultado é que carece de coherencia e resulta imposíbel coñecer a liña de investigación.

Dada a amplitude coa que se pretende describir cada un dos feitos delitivos obxecto desta causa, tería sido desexábel a apertura dunha peza separada por cada un deles, o que permitiría delimitar claramente o seu obxecto. Tal e como se levou a cabo é un conglomerado de información, unido sen orde aparente e sen un criterio claro, e que atinxe a un número de feitos que nos resulta imposíbel de precisar.

Maior perplexidade produce o estudo das 51 caixas de documentación remitidas coa causa e consistentes en expedientes de contratación. Afirmamos o anterior por canto entre ditos expedientes atópanse múltiples adxudicacións de

contratos nos que distintas Consellerías da Xunta de Galicia foron o órgano licitador. Tamén existen contratos de Concellos como o de Coaña ou Avilés. E a pregunta que nos xorde é que relación teñen os mesmos cunha investigación aparentemente cinguida a irregularidades contractuais e tratos de favor relacionados co Concello de Santiago. Negunha explicación ao respecto atopamos na causa inhibida, polo que a conclusión máis probábel é que este partido xudicial careza de competencia para coñecer de feitos relacionados con algún deles( o caso dos Concellos de Coaña e Avilés parece claro), e desde logo parece obvio que revisar as posibeis irregularidades de tan elevado número de contratos da Xunta de Galicia non parece estar incluído no obxecto descrito pola Maxistrada de Lugo nas súas resolucións.

Todo o anterior evidencia as dificultades que ten esta maxistrada para abordar unha causa de miles de folios ao non ser sequer capaz de delimitar o seu obxecto, pero o anterior tivo e ten gravísimas consecuencias no dereito de defensa e na posición procesual á que se viron abocados os encartados.

Debe lembrarse que os investigados prestaron declaración en tal condición con anterioridade a terse acordado a inhibición da causa, concretamente nos anos 2013 e 2014, sendo informados de xeito insuficiente da imputación que pesaba contra os mesmos, ao tempo que os feitos que se lles atribúen seguiron aumentando a raíz das sucesivas dilixencias practicadas con posterioridade a dita data.

O anterior causoulles sen dúbida total indefensión, agravada pola circunstancia de que ao tempo de prestar declaración a causa estaba declarada secreta, polo que tanto eles como os seus letrados tiñan un coñecemento moi

parcial do procedemento, sobre todo á vista da envergadura e complexidade da mesma. Extremo que puxo expresamente de manifesto don José Luis [REDACTED] cando se practicou a dilixencia de toma de declaración en febreiro de 2014, ao manifestar que se acollía ao seu dereito a non declarar en tanto en canto non se permitise ao seu letrado acceder ás actuacións.

Por outra parte, moitos dos feitos que parece atribuírselles aos investigados estarían prescritos porque nunca lles foron formalmente imputados, e fóronse coñecendo, ou polo menos concretando, co resultado das dilixencias de instrución que se foron practicando tras o auto de inhibición acordado no ano 2014, e que non se fixo efectivo até o ano 2018.

Por todo o exposto, consideramos que debe procederse sen maior dilación, e ao abeiro do disposto nos artigos 779.1 e 641.1 da Lei de Axuizamento criminal, ao sobresemento provisorio da causa.

A devandita decisión de arquivo leva consigo o inmediato levantamento das medidas precautorias de natureza persoal que afectaban a algún dos investigados. A pesar de tratarse dunha cuestión tan delicada, por canto atinxe á liberdade persoal dos encartados, de novo a causa remitida polo xulgado de instrución nº1 de Lugo resulta confusa e non resulta fácil determinar cal é a situación de cada un deles. E o anterior por canto as medidas precautorias foron adoptadas nas Dilixencias previas 972/2011, en diferentes resolucións ditadas nos anos 2012 e 2013, algunhas delas moduladas por resolucións posteriores.

A cuestión é que ditas resolucións relativas ás situacións persoais dos investigados foron testemuñadas e incorporadas ás causas incoadas tras abrirse pezas separadas dimanantes

das DP 972/2011, de xeito tal que as medidas restritivas de liberdade pasaron a estar vixentes noutras dilixencias previas, incluídas as 338/2014 das que derivan as presentes. Así se desprende do estudo das pezas de situación persoal remitidas e das anotacións do SIRAJ, sen que por certo coincida sempre o contido da anotación coa última resolución ditada en materia de situación persoal.

Do estudo do contido das anotacións e das resolucións infírese que aparentemente don Luis ██████████ ██████ segue afectado por unha medida de prohibición de saída do territorio español e retirada de pasaporte, ao igual que don José Luis ██████████ ██████. E a don José Albino ██████████ ██████ lle figura unha anotación en SIRAJ como afecto a unha liberdade provisoria.

Por tanto, debemos acordar deixar sen efecto todas as medidas precautorias relativas aos investigados, e correlativamente eliminar do SIRAJ as anotacións que lles afecten en relación coas DP 338/2014 do xulgado de instrución nº1 de Lugo.

#### **DISPOÑO**

Decrétase o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

Déixanse se efecto todas as medidas precautorias relativas a don Gerardo ██████████ ██████, don José Albino ██████████ ██████, don Angel Luis ██████████ ██████, don Adrián ██████████ ██████████, dona Rocío ████████████████████, dona María ████████████████████, don Jesús ██████████ ██████████, don José Luis ██████████ ██████, don Alexandre ████████████████████, don Bernardino ████████████████████ e don Román ██████████ ██████████, debendo ser eliminadas do SIRAJ as anotacións que lles afecten en relación coas DP 338/2014 do

xulgado de instrución nº1 de Lugo que deron lugar ás presentes Dilixencias previas.

Notifíquese a presente resolución ao Ministerio Fiscal e demais partes comparecidas,prevíndoos que contra esta poden interpoñer recurso de reforma e/ou apelación no prazo de tres días,ou cinco días respectivamente.

Así o manda e asina, dona Ana López-Suevos Fraguela, Maxistrada do Xulgado de Instrución número un de Santiago de Compostela.